

Faro *da* Cultura



A escritora italiana Andrea Marcolongo.
Na imaxe pequena: inscrición en latín
no Arco de Vespasiano (século I, Roma).

Cando a velocidade das comunicacións está a establecer un mundo pluriconectado, corremos o risco de sacrificar a riqueza cultural e lingüística por causa dese pobre inglés de mil palabras, á maneira de lingua franca. Cando hoxe o recepcionista dun hotel de Roma te atende nese idioma, de que serviu o esforzo de facer un curso, poñamos, no Instituto Italiano de Barcelona? Un inglés “útil” para viaxar, sen dúbida, pero que no capacita para entender a Shakespeare. Por iso, ante a ameaza a perder as linguas propias e aqueloutras aprendidas ou aprendibles, volver a mirada cara ás fontes, cara as nosas linguas clásicas, pasa a ser imprescindible. Difícilmente saberemos onde imos se non sabemos de onde vimos.

Para tal propósito é altamente recomendable a guía sobre o grego antigo, *La lengua de los dioses. Nueve razones para amar el griego* (Taurus) que vén de publicar Andrea Marcolongo, auténtico fenómeno editorial en Italia. Residente desde xa hai un tempo en Saraxvo, esta livornesa de berce –e colaboradora do primeiro ministro Renzi– pon a súa experiencia escolar e universitaria de estudante apaixonada do grego para levarnos, á maneira de Ariadna, polo labirinto da lingua de Homero, Platón, Xenofonte ou Tucídides.

Volver aos clásicos

Redescubriendo
o latín e o grego

JOAQUIM VENTURA

Andrea Marcolongo explica os segredos do grego clásico, concreción literaria do grego común, a primeira lingua procedente do indoeuropeo que foi escrita no noso continente. Alén de explicar as particularidades dun idioma que non sabemos como soaba –nin os gregos actuais o saben–, Marcolongo articula a súa

narración con lembranzas das diferentes modalidades territoriais, que moitas veces condicionaban o xénero literario. E destas variacións á expansión posterior polo Mediterráneo, que levou a condicionar a lingua latina, matriz da unidade imperial e da cultura europea que a seguiu. Un camiño que para Marcolongo viría demostrar que non estamos ante unha forma “morta” senón, en todo caso, “muda”.

Tamén desde unha xénese italiana, Nicola Gardini ofrécenos *Viva el latín. Historias y belleza de una lengua inútil* (Crítica). Este profesor de literatura italiana e comparada na universidade de Oxford fai unha proposta distinta á de Andrea Marcolongo. A razón é obvia: no sur de Europa e na América Latina falamos idiomas fillos do latín. Aínda máis: aparte de estudalo no ensino regrado, moitos aínda –por razón de idade– convivimos con el nos tempos das misas anteriores ao II Concilio Vaticano. Temos, daquela, o ouvido algo adaptado á súa sonoridade.

Pero unha das teimas de Gardini é evidenciar que o latín que chegou ata nós non foi a lingua que forxou a poesía de Virxilio e Horacio, a retórica de Cicerón, o divertimento teatral de Plauto ou a prosa de Catulo e Xulio César, tantas veces traducida nos nosos anos es-

colares. Por contra, o latín que a Igrexa monopolizou desde que Teodosio declarou en 380 a condición de relixión oficial para o cristianismo, foi o idioma herdado da patrística: san Agostiño de Hipona e san Xerónimo (o tradutor da Vulgata, versión latina dos textos bíblicos en hebreo e en grego), especialmente.

Nicola Gardini adopta o papel que Dante, na *Divina comedia*, lle outorgou a Virxilio; pero, en troques de guiarnos polo inferno, o purgatorio e mais o ceo, fainos seguílo polas diversas maneiras de construír o latín literario, distinto xa nos tempos de Augusto daqueloutro latín vulgar, deturpado, xa presente nas paredes de Pompeia e en tantas estelas funerarias e que coñecemos grazas ao posterior CIL (*Corpus Inscriptionem Latinarum*).

E como facía Andrea Marcolongo, tamén Gardini desmonta a consideración de lingua “morta” para o latín. Porque ademais de idioma litúrxico europeo durante quince séculos, polo menos, o latín estivo na formación da cultura que empezou a recoñecerse como común desde o século XIII e que estoupou co Renacemento. E sen o espello do latín, non podemos entender o recoñecemento das linguas románicas, desde aquel primeiro *De Vulgare Eloquentia*, do mesmo Dante.



FOTO: ELI REGUEIRA

ARTE: CASTELAO, ARTISTA
NO EXILIO / PÁX. III

ENTREVISTA CON
X.L. MÉNDEZ FERRÍN / PÁX. V

MÚSICA: NO RETORNO
DOS RASTREROS / PÁX. VIII